

Recomendación dirixida ao Concello de Culleredo debido aos ruídos provocados por unha academia de idiomas no baixo colindante

Expediente: C.6.Q/14382/17

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de ■■■ referente aos ruídos provocados por unha academia de idiomas no baixo colindante.

#### ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que vive en Culleredo, Rúa ■■■ O Burgo. A súa queixa é en relación os ruídos provocados por unha academia de inglés que ten no baixo lindeiro. Puxo a situación en coñecemento do concello, que respondeu que dada a actividade do local comercial non tiña que insonorizar. De feito deixaron entrever que cando concederon a licenza non comprobaran se tiña vivendas lindeiras horizontais. Din que se fará unha proba de son, pero a dita proba no seu domicilio non se chega a facer, faise no local da academia. A policía insinúa que o que queda é insonorizar tendo en conta que é o mesmo largo de local que de vivenda. A situación complícase cando ten o seu fillo e na casa é imposible descansar, ten que saír para que o neno poida durmir as súas sestras correspondentes. Tentou manexar a situación falando co dono do establecemento e contándolle a situación, pero empeorou e aumentaron os ruídos.

2. Ante iso requirimos información ao concello, que nola remitiu. O concello respondeu que a actividade ten os requisitos legais. Hai tempo deuse comunicación previa para o inicio dela (academia de idiomas), con certificación do técnico competente de que cumpre a normativa e adoptou medidas correctoras (debe entenderse que adoptou as medidas preventivas do proxecto, posto que non se indica que o concello requirira nada). Engade que non figura ningunha queixa no expediente; porén, o reclamante sinala que puxo en coñecemento do concello os ruídos que se transmiten a súa casa e os prexuízos que ocasionan a súa familia e que interveu a policía; mesmo consta a presente queixa. Esas actuacións son denuncias ou equivalentes (posta en coñecemento de feitos que poden ser constitutivos de infracción administrativa), polo que deben ser obxecto de comprobación (sen custe para o

denunciante, posto que trátase de denuncias no marco das competencias municipais -ruídos ...-). O mesmo cabe dicir das comprobacións posteriores ás comunicacións previas, que non constan, a pesar do indicado (denunciado) polo reclamante.

3. A anterior valoración provisional foi trasladada ao concello, ao que requirimos que con urxencia facilitara aclaración (información complementaria) sobre os extremos mencionados. O Concello de Culleredo xa nola remitiu e sinala o seguinte:

“Que se trata dunha actividade con todos os requisitos legais para desenvolve-la. Dedúcese do que figura no expediente un enfrontamento entre o reclamante e o reclamado, dado que non existe ningunha queixa no resto do vecindario por unha actividade que en principio non é conflictiva, nociva nin perigosa.

O día 9/6/2014, rexistro 2014/3819 comunicásele a... o seguinte: "Que examinado o expediente de comunicación previa para o inicio da actividade de academia de idiomas na..., a actividade cumpre coa normativa preceptiva segundo se acredita na certificación do técnico competente das instalación e medidas correctoras de dita actividade”.

Desde esa comunicación non figura ningunha queixa no expediente, e de acordo co artigo 37 da Ordenanza municipal de protección contra ruídos e vibracións do Concello de Culleredo, o interesado poderá instar una medición do nivel de ruído, debendo asumir o custo da mesma”.

## ANÁLISE

1. No seu último informe o concello non aporta ningún dato novo en relación coa valoración provisional que achegamos.

Unicamente indica que a actividade ten os requisitos legais porque deuse unha comunicación previa para o seu inicio. A certificación técnica para a apertura da academia resulta en principio suficiente (a anterior actividade do baixo non xerou molestias), pero non prexulga que despois se poda comprobar que o actuado non resulta suficiente para garantir a necesaria ausencia de prexuízos e molestias. Iso é precisamente o que sucede neste caso; réclámase pola falta ou insuficiente insonorización e pola transmisión de ruídos á vivenda, que se sitúa no baixo colindante ao baixo da actividade. Por tanto, é competencia e por tanto tamén responsabilidade do concello a comprobación da insonorización (medición programada do ruído que poda transmitirse), o que forma parte das comprobacións precisas en caso de reclamación relativas á licenzas, e do ruído efectivamente transmitido cando se presenten denuncias concretas como as que tratamos (infracción administrativa).

O concello parece referirse ao último tipo de comprobacións (polas denuncias de ruído transmitido) cando indica que o art. 37 da ordenanza municipal de protección contra ruídos e vibracións sinala que o interesado poderá instar una medición do nivel de ruído, debendo asumir o custo da mesma. En relación con tal argumentación debemos indicar, como xa tratamos en ocasións anteriores (por exemplo, C.6.Q/2276/11), que as comprobacións que tratamos refírense á infraccións administrativas, polo que deben ser feitas pola administración competente, o concello, sen custe algún, como calquera outra que se refire á comprobacións doutro tipo de infraccións.

Ao marxe das comprobacións anteriores (ante denuncias por infraccións) neste caso tamén resta a propia do novo sistema de control preventivo das incidencias ambientais das actividades. Nesta caso debería comprobarse o adecuado da insonorización do local respecto da vivenda afectada, á vista das reclamacións presentadas ao efecto.

2. Como indicamos nos Informes ao Parlamento de Galicia, as comprobacións das transmisións de ruídos ás vivendas deben facerse (é obrigado) cando tal cousa se denuncia por parte dos afectados, é dicir, no preciso intre en que o local está a prexudicarlles con niveis inadecuados de ruídos, cometendo con iso unha infracción administrativa. Esa comprobación debe facerse cando se dá a denuncia. O contrario sería tanto como permitir a penetración continuada de ruído nas vivendas sen control ningún. É obriga dos concellos a facer unha vixilancia continuada dos establecementos dese tipo, en especial ante as denuncias e queixas, como neste caso.

3. As licenzas deben garantir a ausencia de prexuízos ao longo da vida da actividade. Co seu outorgamento non termina o labor do ente local. A licenza abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento.

4. A penetración nos domicilios de ruídos superiores aos permitidos supón a vulneración do dereito fundamental á preservación da intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario do artigo 18.1 e 2 da Constitución, e tamén doutros dereitos constitucionais (á saúde, do artigo 43, ou á calidade de vida, do artigo 45). Debemos afirmar a necesidade de dar aplicación directa aos dereitos fundamentais afectados. Numerosa xurisprudencia obriga a corrixir os prexuízos por ruídos.

6. A cidadá que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución. Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais os poderes públicos teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

## CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello de Culleredo a seguinte recomendación:

*Que con urxencia se fagan as comprobacións relativas ao illamento do local e dos ruídos transmitidos á vivenda da familia reclamante, e que con iso se garantan os dereitos constitucionais afectados.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes dea conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente,

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo